

6. Requisitos específicos do contratista: solvencias económica, financeira, técnica e profesional acreditada, mediante os medios previstos nos puntos 7.2.1 e) do prego de cláusulas.

7. Presentación das ofertas:

Data límite de presentación de proposicións: quince (15) días naturais, contados desde o día seguinte ao da data da derradeira publicación da licitación no BOP ou no *Diario Oficial de Galicia*.

Documentación que integrará as ofertas: a especificada nos pregos de cláusulas económico-administrativas particulares.

Lugar de presentación: rexistro xeral do Concello de Sarria, rúa Maior, 14, 27600 Sarria.

8. Criterios de adjudicación: os figurados no punto 8 do prego de cláusulas: proposta e anteproxecto, prazo de execución e valoración económica.

9. Apertura de plicas: terá lugar na Casa do Concello de Sarria. A data e hora en que se realizarán os actos públicos de apertura das proposicións publicarase no perfil do contratante do concello.

10. Gastos de anuncios: correrán a cargo do contratista adjudicatario e en todo caso non excederán dos 800 euros.

Sarria, 12 de xaneiro de 2010.

Claudio Garrido Martínez  
Alcalde

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

*Extracto da convocatoria e das bases xerais e específicas para prover as prazas do cadro de persoal funcionario, promoción interna, ás cales resulta de aplicación a disposición transitoria segunda do EBEP (persoal laboral fixo que desempeña funcións ou postos clasificados como propios de persoal funcionario) correspondentes á oferta de emprego para o ano 2008, terceira fase.*

No BOP nº 86, do 17 de abril de 2009 (corrección de erros BOP nº 236, do 15 de outubro) publicáronse as bases xerais para a provisión das prazas do cadro persoal funcionario, promoción interna, ás cales resulta de aplicación a disposición transitoria segunda do EBEP, correspondentes á oferta de emprego para o ano 2008.

A convocatoria e as bases específicas que rexerán os procedementos selectivos polo sistema de concurso-oposición de 23 auxiliares, grupo C-C2 e 11 porteiros, grupo E-agrupacións profesionais a que fai

referencia a disposición adicional 7ª do EBEP, fixéronse públicas no BOP nº 281, do 9 de decembro.

Presentación de solicitudes: presentaranse no modelo oficial publicado no BOP nº 244, do 24 de outubro de 2009 e na páxina web da entidade ([www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)).

Lugar de presentación: rexistro xeral desta entidade ou nos lugares determinados no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Dirixiranse ao presidente da Deputación Provincial de Lugo.

Praza de presentación: vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOE.

Faise constar expresamente que os sucesivos anuncios que deriven da convocatoria publicaranse no BOP de Lugo, no taboleiro de edictos desta corporación e na páxina web da entidade ([www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)).

Lugo, 10 de decembro de 2009.

Faustino Martínez Fernández  
Secretario

## e) OUTROS ANUNCIOS

### FUNDACIÓN AXENCIA HUMANITARIA DE GALICIA

*Resolución do 21 de xaneiro de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de axuda humanitaria e se procede a súa convocatoria.*

Desde o ano da súa constitución, 2003, a *Fundación Pública Axencia Humanitaria Galega (FAHG)* vén desempeñando actuacións de carácter humanitario. Nos últimos anos pódese ver un incremento importante dos fondos dirixidos á acción humanitaria, isto é debido, dunha banda, ao aumento dos desastres naturais e ao crecemento da complexidade dalgúns conflitos armados, que fan que as cifras de mortes, damnificados, devastación e destrución acaden enormes proporcións; e, por outro lado, á maior visibilidade e atención mediática da acción humanitaria, fronte a outro tipo de actuacións coma as de cooperación ao desenvolvemento. Para o caso concreto da Comunidade Autónoma galega os fondos globais destinados a acción humanitaria reducíronse no período 2006-2009, respecto ao período 1998-2005; porén, avanzouse no fortalecemento das capacidades da FAHG para a xestión destes fondos.

A Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento (en diante Lei 3/2003), aprobada por unanimidade no Parlamento galego, na que que-

da enmarcada a actividade de FAHG, recolle a axuda humanitaria como obxectivo prioritario da cooperación exterior. A axuda humanitaria aparece como un dos principais instrumentos de cooperación, e como instrumento permite «accións de asistencia, socorro, protección e reconstrución a favor das poboacións, tendo especialmente en conta situacións agravadas por catástrofes naturais ou provocadas por conflitos armados, así como na contribución á supervivencia das poboacións vulnerables e a súa protección, como recoñecemento da dignidade e dos dereitos intrínsecos a elas» (artigo 13.3º da Lei 3/2003).

Consonte o establecido nos seus estatutos, a FAHG leva a cabo intervencións de carácter humanitario a prol das poboacións vítimas de crises humanitarias, desastres ou conflitos que se produzan fóra do ámbito territorial galego e especialmente en países en vías de desenvolvemento.

Tendo isto en consideración é necesario proceder á aprobación das bases reguladoras para a execución de proxectos de axuda humanitaria no exterior, para o ano 2010, promovidos polos axentes de cooperación.

Pola súa vez, procede convocar a concesión de subvencións con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, concretamente ao programa de financiamento 331A, de acordo con estas bases reguladoras que garanten os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, aplicando o procedemento establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 1º.-*Obxecto e crédito.*

1.1. O obxecto destas bases é a regulación de concesión de subvencións ás organizacións non gobernamentais, entidades sen fins de lucro, comunidades galegas no exterior, para a execución de proxectos de axuda humanitaria no exterior, priorizando proxectos de reconstrución en Haití.

1.2. Enténdese por proxectos de axuda humanitaria aqueles destinados a salvar vidas, aliviar o sufrimento e mellorar as condicións de vida das poboacións afectadas por crises humanitarias, desastres, conflitos, enfermidades endémicas e epidémicas, garantindo a preparación previa, a prevención e os traballos de rehabilitación e reconstrución.

1.3. O crédito do que se dispón para a dotación desta convocatoria é de 300.000 € con cargo á conta 132 de subvenciones afectas a actividades propias da FAHG, sen prexuízo de que posteriormente se poida ver incrementada esta dotación con achegas posteriores. A ampliación de crédito publicarase nos mesmos medios que esta convocatoria.

#### Artigo 2º.-*Beneficiarios.*

2.1. Poderán optar a esta subvención as organizacións non gobernamentais e entidades sen fins de lucro, e comunidades galegas no exterior, que teñan

entre os seus fins o desempeño de accións de axuda humanitaria.

2.2. Tamén poderán ter acceso á subvención as agrupacións de entidades.

Artigo 3º.-*Requisitos das entidades beneficiarias das axudas e dos proxectos.*

3.1. Requisitos das entidades.

a) Ter personalidade xurídica.

b) Carecer de ánimo de lucro.

c) Ter sede ou delegación permanente na Comunidade Autónoma galega e estar inscrita no Rexistro de Axentes de Cooperación, salvo no caso de subvencións concedidas a entidades públicas ou privadas doutros Estados e entidades vinculadas a organismos internacionais.

d) Ter recoñecidos entre os seus fins o labor humanitario.

e) Ter xustificado, se é o caso, e antes da data de presentación da solicitude para esta convocatoria, as axudas recibidas para a anualidade 2008 por parte da Xunta de Galicia a outros proxectos de axuda humanitaria, emerxencia ou cooperación ao desenvolvemento. Así mesmo, é necesario que se efectuase o correspondente ingreso, nos casos en que sobre os beneficiarios de axudas económicas se ditase resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.

f) Non estar incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante Lei 9/2007).

g) En caso de agrupación de entidades, todas elas deberán cumprir os requisitos anteriores. As entidades agrupadas asumen a responsabilidade conxunta do proxecto e designarán un domicilio único e un cabeza de agrupación, tanto para os efectos de notificacións administrativas coma de interlocución coa administración. A porcentaxe de participación de cada entidade no proxecto, así coma os dereitos e obrigas de cada unha delas, determinaranse nun convenio que deberán achegar cando se presente a documentación da solicitude. Este convenio deberá sinalar que cada unha das entidades asume a responsabilidade directa pola súa porcentaxe de participación e subsidiaria pola totalidade do proxecto.

h) A entidade solicitante poderá presentar un máximo de dous proxectos individuais ou en agrupación.

3.2. Requisitos dos proxectos.

a) Ter unha duración máxima de 12 meses, e rematará a súa execución antes do 30 de decembro do ano en que se concede a subvención.

b) Que se identifiquen contrapartes ou socios locais que participen responsablemente na execución material do proxecto e na xestión dos recursos,

constando expresamente o seu compromiso co proxecto. Poderá considerarse como socio local a propia ONGD en terreo.

c) Que os proxectos redunden na mellora das condicións de vida das poboacións beneficiarias; que contén coa participación dos/as beneficiarios/as; que non sexa discriminatorio por razón de raza, sexo, relixión, cultura ou orixe.

d) Expor unha relación coherente entre os recursos utilizados, as accións que se van realizar e os resultados que se van acadar con elas.

e) Incluír un orzamento polo miúdo do proxecto.

#### Artigo 4º.-*Solicitud*.

4.1. A solicitude da subvención presentárase de acordo co modelo que figura como anexo I (adxunto) destas bases reguladoras. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na páxina web [www.cooperaciongalega.org](http://www.cooperaciongalega.org).

4.2. A citada solicitude irá acompañada do proxecto, que se presentará no modelo oficial de documento de formulación (adxunto) de presentación de proxectos cos anexos que especifica, en formato orixinal e electrónico. Estes formatos poderán descargarse da páxina web [www.cooperaciongalega.org](http://www.cooperaciongalega.org).

4.3. Os anexos que é necesario presentar xunto co documento de formulación son:

a) Certificación asinada polo secretario da entidade, relativa á:

-Representación da persoa responsable legal da entidade (para aquelas entidades con domicilio social en Galicia) e copia compulsada do seu DNI. En defecto da certificación do secretario, presentárase poder bastante sobre a representación para o seu responsable ou delegado en Galicia que actúe en nome da entidade.

-Representación da persoa responsable legal da entidade (para entidades con domicilio social fóra de Galicia) e copia compulsada do seu pasaporte. En defecto da certificación do secretario, presentárase poder bastante sobre a representación para o seu responsable ou delegado que actúe en nome da entidade.

-Depósito dos seus estatutos na oficina pública correspondente cando proceda.

-Que dispón de sede central ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia, agás as comunidades galegas e os seus centros colaboradores. Composición do órgano de goberno da dirección da entidade (as renovacións ou modificacións da súa composición deben ser notificadas, especialmente

no que atinxe aos postos de representante legal e secretario/a).

-CIF da entidade.

No suposto de que a entidade presentase esta documentación ou parte a outra convocatoria de axudas das convocadas pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa U.E. no ano en curso ou no ano anterior, será suficiente con achegar unha declaración en que se especifique a documentación xa presentada, así como o número de expediente en que está incorporada, anexando a documentación que falte ou estea sen actualizar.

Cando a persoa que formule a solicitude non sexa ningunha daquelas de que se dispón de datos no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación ao Desenvolvemento, deberase achegar xunto coa certificación anterior copia compulsada do seu DNI e certificación do secretario da entidade, acreditativa da vinculación que a une coa entidade solicitante.

b) Declaración responsable do representante legal da entidade en que se faga constar que a entidade solicitante non está incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo modelo que figura como anexo II (adxunto).

c) Certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesouraría da Seguridade Social acreditativas de estar ao día das obrigas tributarias e sociais e certificación da Consellería de Facenda de non ter ningunha débeda por ningún concepto coa facenda autonómica, agás as comunidades galegas no exterior e organizacións locais. A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

d) Declaración responsable do representante legal da entidade en que se precisen outras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

f) Memoria da organización en que se inclúan as accións da entidade nos últimos dous anos.

g) Plan/estratexia da entidade para os seguintes anos en que se enmarca o proxecto presentado.

h) Cando varias entidades se agrupen para a realización dun proxecto, deberán xuntar o contrato ou acordo de colaboración asinado entre os seus representantes legais, así como o documento da designación do representante común.

i) Documento de transferencia bancaria.

4.4. Consonte o establecido no artigo 20.5º da Lei 9/2007, se a solicitude non reunise os requisitos establecidos nesta convocatoria, a FAHG requirirá ao interesado para que no prazo máximo e improrro-

gale de 10 días, emende os erros xa que, de non facelo se terá por desistido da súa solicitude.

#### Artigo 5º.-*Condicións de financiamento.*

5.1. A FAHG poderá financiar ata un 95% do orzamento total do proxecto. A subvención concedida non superará e ningún caso os 90.000 euros.

5.2. Con base na disposición adicional segunda da Lei 9/2007, e en atención á coherencia co obxecto e finalidade das subvencións, realizaranse pagamentos anticipados do 100% da subvención solicitada, cando así o requira expresa, xustificadamente e por escrito a entidade solicitante.

5.3. As axudas aquí reguladas serán compatibles con calquera outra procedente doutras administracións públicas, organizacións internacionais, entidades privadas non lucrativas ou doazóns de particulares, sempre e cando a suma de todas as obtidas non supere o custo do proxecto subvencionado.

A entidade beneficiaria obrígase a comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

#### Artigo 6º.-*Gastos subvencionables.*

6.1. Serán gastos subvencionables os custos directos, entendidos coma aqueles imprescindibles para a posta en marcha do proxecto, vinculados á execución da intervención e que financian a consecución dos obxectivos. Para os efectos da concesión da axuda terase en conta:

a) Construción e/ou reformas de inmobles e infraestruturas (inclúe man de obra, dirección de obra, licenza e taxas, materiais de construción e transporte destes). No caso de ser achegada a man de obra ligada a estas tarefas pola organización local ou a poboación beneficiaria, só se aceptará a súa valoración de estar acreditada de xeito suficiente a prezos de mercado local.

b) Equipos e subministracións. Considerase equipamento a adquisición de elementos de inmovilizado, que non sexan terreos nin inmobles, afectos á actividade subvencionada: maquinaria, mobiliario e outro equipamento. Inclúense nesta partida os gastos de envío e almacenaxe.

c) Persoal. A efectos desta norma entenderase:

i. Persoal expatriado, aquel persoal da entidade española sometido á lexislación española que presta os seus servizos no país onde se executa a intervención obxecto da subvención e cuxas funcións e tarefas están directamente relacionadas con aquela.

ii. Persoal local, aquel persoal sometido á lexislación laboral do país onde se executa a intervención obxecto de subvención e en que presta os seus servizos, de acordo co réxime laboral correspondente ás súas funcións e desempeño, estando as súas funcións e tarefas directamente relacionadas coa intervención.

Os gastos de persoal subvencionables poderán incluír salarios, seguros sociais a cargo da entidade do persoal afecto á intervención, así como calquera outro seguro que se subscriba a nome do persoal ou da súa familia en primeiro grao. O importe máximo aplicable por este concepto no poderá superar o 30% do orzamento total do proxecto, excepto nos que o seu contido sexa de carácter predominantemente inmateriais, nos cales poderá ascender ata o 40%.

d) Viaxes e estancias. Inclúense os gastos vinculados á mobilidade do persoal e beneficiarios/as necesaria para a execución da intervención (incluíndo combustible).

e) Funcionamento en terreo. Ata un máximo do 3% do total da subvención solicitada, inclúe electricidade, auga, aluguer, comunicacións, mantemento e seguridade).

6.2. Custos indirectos: son os gastos propios do funcionamento regular da entidade solicitante e da contraparte, que resultan da formulación e execución do proxecto, así coma da difusión e seguimento en Galicia. Non poderán superar o 5% do total da subvención solicitada.

#### Artigo 7º.-*Criterios de valoración.*

7.1. Os proxectos que cumpran os requisitos sinalados nestas bases reguladoras serán avaliados tendo en conta os seguintes criterios:

I. Aspectos relacionados coa entidade solicitante: ata 20 puntos.

1. Experiencia relevante en accións humanitarias (no sector de actuación do proxecto e no país, zona, comunidade onde se vai executar). Máximo: 8 puntos.

2. Capacidade de execución do proxecto pola entidade (xestión, de recursos humanos, técnicos e económicos para o desenvolvemento do proxecto). Máximo: 5 puntos.

3. Estratexia de acción humanitaria da entidade para os vindeiros anos. Máximo: 5 puntos.

4. Achega financeira da entidade ao proxecto. Máximo: 2 puntos.

II. Aspectos relacionados co socio local: ata 20 puntos.

1. Experiencia de traballo en proxectos de acción humanitaria na zona ou comunidade onde se vai executar o proxecto e no sector de actuación do proxecto. Máximo: 8 puntos.

2. Capacidade de execución do proxecto. Garantía de implicación da entidade na comunidade e da propia comunidade no proxecto mediante a intervención da contraparte. Adecuación e coherencia no sector de traballo da entidade e o obxectivo do proxecto. Máximo: 8 puntos.

3. Achega financeira do socio local ao proxecto. Máximo: 1 punto.

4. Participación no proxecto xunto a outras organizacións ou institucións locais. Máximo: 3 puntos.

III. Aspectos relacionados co contido do proxecto: ata 50 puntos.

1. Pertinencia do proxecto con especial concreción sobre o contexto social, económico, político e cultural dos beneficiarios/as, zona e país onde se vai desenvolver; antecedentes e xustificación deste. Máximo: 5 puntos.

2. Coherencia dos obxectivos e resultados coa problemática presentada. Máximo: 5 puntos.

3. Accións que se van desenvolver e prazo de execución. Coherencia na programación temporal. Máximo: 3 puntos.

4. Financiamento: coherencia das partidas orzamentarias cos obxectivos do proxecto. Máximo: 5 puntos.

5. Recursos humanos suficientes para acadar os obxectivos do proxecto. Máximo: 3 puntos.

6. Poboación beneficiaria: descrición precisa dos destinatarios/as, criterios de determinación, grao de participación nas distintas fases do proxecto. Máximo: 5 puntos.

7. Aliñamento do proxecto coas políticas e programas do país. Máximo: 5 puntos.

8. Fortalecemento das capacidades locais. Máximo: 5 puntos.

9. Harmonización, coherencia e complementariedade coas estratexias da cooperación galega e española. Máximo: 5 puntos.

10. Seguimento e conectividade. Máximo: 5 puntos.

11. Incorporación da perspectiva de xénero en todas as fases do ciclo do proxecto: Máximo 2 puntos.

12. Impacto ambiental. Máximo: 2 puntos.

IV. Proxecto presentado por unha agrupación de entidades. Máximo: 5 puntos.

V. Proxectos de reconstrución en Haití. Máximo: 5 puntos.

7.2. Para superar a fase de valoración dos proxectos será necesario acadar unha puntuación do 50% nos puntos I, II e III.

Artigo 8º.-*Prazo e lugar de presentación das solicitudes.*

8.1. Ao ser unha convocatoria de carácter permanente, a solicitude poderá presentarse ao longo do ano.

8.2. As solicitudes dirixiranse ao Presidente da *Fundación Pública Axencia Humanitaria Galega* (rúa dos Feáns, 3º C, baixo, 15706 Santiago de Compostela) cubertas nos modelos que figuran como anexos destas bases, por calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas (en diante Lei 30/1992) e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (en diante LPAC).

Artigo 9º.-*Instrución e resolución.*

9.1. A instrución do procedemento corresponderá á FAHG. Unha vez recibidas e examinadas as solicitudes, se estas non reúnen os requisitos sinalados ou carecen de documentación, requiriranse os interesados para que, nun prazo de dez días, corrixa a falta ou xunten os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixesen, desistirán da súa petición.

9.2. A resolución sobre as propostas que reúnan os requisitos establecidos corresponde á Presidencia da FAHG, que o fará nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, nun prazo máximo de 15 días desde a recepción da proposta.

9.3. Resérvase a posibilidade de facer unha reformulación das solicitudes de acordo co previsto no artigo 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 10º.-*Publicidade da concesión das subvencións.*

Unha vez ultimada a concesión de axudas, publicarase trimestralmente a relación das concedidas con indicación de beneficiario/a, contía, país de execución do proxecto e finalidade, no *Diario Oficial de Galicia* e na web oficial da Cooperación Galega, de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega e no artigo 15 da Lei 9/2007. Ademais, de conformidade co artigo 3.2º do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, estes datos serán publicados no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios.

Artigo 11º.-*Prazo e forma de xustificación das subvencións outorgadas.*

11.1. As subvencións concedidas deberán ser xustificadas no prazo máximo de tres meses desde a finalización do prazo para a realización das actividades do proxecto subvencionado, conforme co establecido no artigo 28.2º da Lei 9/2007.

11.2. Co fin de acreditar a realización total das actividades, así como a finalidade para a que se concedeu a subvención, a entidade beneficiaria deberá presentar un informe final que constará de dúas partes:

-1ª parte: xustificación económica: comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida, así como das desviacións que se puidesen producir (incluídas as facturas orixinais ou copias compulsadas).

-2ª parte: xustificación técnica: comprenderá unha memoria de execución sobre os obxectivos, as actividades e os resultados acadados polo proxecto. Deberá estar asinada polo responsable da xestión técnica e económica do proxecto en Galicia.

11.3. Para a presentación deste informe final deberá utilizarse o modelo oficial (en anexo) que poderá descargarse da páxina web [www.cooperaciongalega.org](http://www.cooperaciongalega.org).

11.4. A entidade beneficiaria terá que conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados pola *Fundación Pública Axencia Humanitaria Galega*. Nestes supostos, os xustificantes quedarán á disposición das actuacións e comprobación da FAHG e dos órganos de control establecidos pola normativa vixente.

*Artigo 12º.-Obrigas da entidade beneficiaria, seguimento, avaliación e control dos proxectos.*

12.1. As entidades beneficiarias deberán realizar a intervención para a cal se lles concedeu a axuda no período de tempo determinado no documento de formulación, e sempre dentro da anualidade pertinente. Para estes efectos considérase vinculante o orzamento e a documentación presentada no documento de formulación do proxecto e na solicitude ou, se é o caso, da reformulación de terse efectuado.

12.2. As entidades beneficiarias de axudas deberán informar de xeito inmediato a FAHG sobre calquera acontecemento que altere ou dificulte notoriamente o adecuado desenvolvemento do proxecto subvencionado. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

12.3. As entidades beneficiarias obríganse a facilitar ao órgano xestor toda canta información lles sexa requirida respecto dos proxectos subvencionados. Para aquelas intervencións superiores a seis meses, é obrigatoria a presentación dun informe de seguimento, de acordo ao modelo que se pode obter da páxina [www.cooperaciongalega.org](http://www.cooperaciongalega.org).

12.4. As entidades beneficiarias obríganse a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas do proxecto subvencionado os logotipos oficiais da Xunta de Galicia e da FAHG. Estes logoti-

pos poderán descargarse da páxina web de Cooperación Galega.

12.5. A xestión dos proxectos poderá ser examinada durante a súa execución, ou unha vez finalizada, por persoal da FAHG, por representantes da Xunta de Galicia con competencias en materia de cooperación exterior ou por empresas avaliadoras contratadas para o efecto, para o cal a entidade beneficiaria e a contraparte local facilitarán o acceso ás contas e documentos xustificativos requiridos, así como a calquera outra documentación relevante na execución do proxecto.

*Artigo 13º.-Modificación das condicións.*

Precisarase autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte os seus obxectivos, beneficiarios/as, lugar, prazo de execución ou variación do custo total do proxecto, ou das partidas orzamentarias de máis dun 20% do inicialmente aprobado. As solicitudes de modificacións substanciais do proxecto deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao presidente da FAHG, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

*Artigo 14º.-Reintegro por incumprimento.*

As entidades beneficiarias que incorresen en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditasen, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberán proceder ao reintegro da totalidade destas, no caso de incumprimento total ou á parte proporcional no caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da existencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan. Así mesmo, as entidades beneficiarias deberán reintegrar as subvencións nos demais supostos de reintegro previstos nestas bases reguladoras e demais normativa de aplicación.

*Artigo 15º.-Recursos.*

Esta resolución réxese polo dereito privado. As resolucións expresas ou presuntas ditadas en aplicación do disposto nestas bases reguladoras poderán ser obxecto de recurso de acordo coa lexislación civil aplicable.

*Artigo 16º.-Remisión normativa.*

Para o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 9/2007, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2010.

Jesús María Gamallo Aller  
Director xeral de Relacións Exteriores  
e coa Unión Europea



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

## ANEXO I



PROCEDEMENTO <b>AXUDA AOS AXENTES DE COOPERACIÓN PARA EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE AXUDA HUMANITARIA NO EXTERIOR</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR811A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME COMPLETO DA ENTIDADE			
[ ]			
ENDEREZO (RÚA, Nº) EN GALICIA	PROVINCIA	LOCALIDADE	
[ ]	[ ]	[ ]	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO/S	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
CIF DA ENTIDADE	DATA CONSTITUCIÓN	DATA DE INSCRUCIÓN NO REGISTRO GALEGO	Nº DE REGISTRO GALEGO DA ENTIDADE
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
NOME DO RESPONSABLE EN GALICIA DA ENTIDADE		PÁXINA WEB	SEDE CENTRAL EN GALICIA <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
[ ]		[ ]	
Nº DE SOCIOS	GALICIA [ ]	TOTAL [ ]	PERSONAL
RESTO ESPAÑA [ ]			REMUNERADO [ ]
			TOTAL [ ]
			VOLUNTARIO [ ]
			TEN OUTRAS DELEGACIÓNS NO RESTO DO ESTADO <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

## DATOS DO PROXECTO

TÍTULO DO PROXECTO			
[ ]			
PAIS	PROXECTO EN AGRUPACIÓN CON	NOME DA CONTRAPARTE	
[ ]	[ ]	[ ]	
CÓDIGO DO SECTOR E SUBSECTOR CAD-DA DA INTERVENCIÓN	PRAZO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO	DATA INICIO (MES/ANO)	DATA FIN (MES/ANO)
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
CUSTO TOTAL DO PROXECTO (€)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)	% COFINANCIAMENTO DA XUNTA	
[ ]	[ ]	[ ]	

## COFINANCIAMENTO POR OUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS

ENTIDADE	IMPORTE	%	ESTADO	
[ ]	[ ]	[ ]	<input type="checkbox"/> CONCEDIDO	<input type="checkbox"/> PENDENTE
[ ]	[ ]	[ ]	<input type="checkbox"/> CONCEDIDO	<input type="checkbox"/> PENDENTE
[ ]	[ ]	[ ]	<input type="checkbox"/> CONCEDIDO	<input type="checkbox"/> PENDENTE
<b>TOTAL PORCENTAXE FINANC. PÚBLICA</b>		[ ]	<b>TOTAL PORCENTAXE FINANC. PRIVADA</b> [ ]	

**PRESENTA OUTROS PROXECTOS DE AX. HUM. NO OUTRAS ADM. PÚBLICAS**  SI (INDÍQUESE CALES)  NON

PROXECTO	ENTIDADE SUBVENCIONADORA
[ ]	[ ]
[ ]	[ ]
[ ]	[ ]
Nº PROXECTOS PRESENTADOS NESTA CONVOCATORIA	ESTABLEZA O Nº DE ORDE DE PRIORIDADE DESTE PROXECTO DE ENTRE OS PRESENTADOS
[ ]	[ ]

## FINANCIAMENTO DO PROXECTO (EN €)

	ENTIDADE	IMPORTE	% SOBRE CUSTO TOTAL
1 CUSTO TOTAL		[ ]	100 %
2 SUBVENCIÓN SOLICITADA		[ ]	[ ]
3 OUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS (EUROPEAS, ESTATAIS, AUTONÓMICAS, LOCAIS)	[ ]	[ ]	[ ]
4 ACHEGA PROPIA DA ENTIDADE SOLICITANTE	[ ]	[ ]	[ ]
5 CONTRIBUCIÓN DO SOCIO LOCAL	[ ]	[ ]	[ ]
6 ACHEGAS PRIVADAS (IDENTIFIQUESE O ORGANISMO)	[ ]	[ ]	[ ]
7 OUTRAS PETICIÓN REALIZADAS PENDENTES DE RESPONSA (IDENTIFIQUESE O ORGANISMO)	[ ]	[ ]	[ ]



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



**DATOS DA/S PERSOA/S RESPONSABLE/S DO PROXECTO**

PERSOA QUE PRESENTA O PROXECTO <input type="text"/>		CARGO <input type="text"/>
NOME PERSOA RESPONSABLE XESTIÓN DO PROXECTO EN GALICIA <input type="text"/>		CARGO <input type="text"/>
NOME RESPONSABLE LOCAL DO PROXECTO <input type="text"/>		CARGO <input type="text"/>
ENDEREZO <input type="text"/>	TELÉFONO/S <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>

Quen abaixo asina **DECLARA QUE** presta expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Resolución do 21 de xaneiro de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, para a execución de proxectos de axuda humanitaria e se procede á súa convocatoria.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO <input type="text"/>  REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/>
		DATA DE ENTRADA <input type="text"/> / <input type="text"/> / <input type="text"/>
SINATURA DO SOLICITANTE (RESPONSABLE ONGD EN GALICIA)  _____, de _____ de _____		DATA DE EFECTOS <input type="text"/> / <input type="text"/> / <input type="text"/>
		DATA DE SAÍDA <input type="text"/> / <input type="text"/> / <input type="text"/>

*Presidente da Fundación Pública Axencia Humanitaria Galega*

**ANEXO II**  
**DECLARACIÓN XURADA**

Don/Dona , con NIF

en nome propio ou en representación da entidade ,

con CIF  e en calidade de  desta,

**DECLARA RESPONSABLEMENTE:**

Para os efectos do previsto nestas bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva por parte da FAHG, que a dita entidade non está incurso en ningún dos dous supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura)

*Presidente da Fundación Pública Axencia Humanitaria Galega*